

1. INSTITUTOS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA

Os institutos de investigación sanitaria galegos son entidades dedicadas á investigación básica e aplicada, creadas a través da **asociación das universidades galegas aos hospitais docentes do Sergas**.

A súa estrutura de xestión correspóndelle ás [fundacións para a investigación sanitaria](#), que traballan en coordinación con ACIS para garantir a mellor contorna de obtención e translación de resultados científicos.

Os hospitais docentes constitúen o núcleo básico dos institutos de investigación sanitaria. O obxectivo é **potenciar o hospital como centro de investigación**, para o que os institutos teñen como metas comúns:

- Aproximar a investigación básica, a clínica e a de servizos sanitarios.
- Crear unha contorna asistencial, docente e investigadora de calidade no que os alumnos de grao, os especialistas en formación e os profesionais sanitarios interactúen con investigadores e docentes da contorna universitaria para acadar unha abordaxe multidisciplinar e transdisciplinar dos problemas de saúde.
- Constituír o lugar axeitado para a captación de talento e o asentamento das grandes instalacións científico-tecnolóxicas do ámbito da saúde.

En Galicia existen tres institutos de investigación sanitaria:

- [Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela \(IDIS\)](#). Integra a grupos de investigación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), da Área de Atención Primaria de Santiago, da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) e da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- [Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur \(IISGS\)](#). Está constituído por grupos de investigación dos Complexos Hospitalarios Universitarios de Vigo e Ourense (CHUVI e CHUOU), o Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) e a Universidade de Vigo (Uvigo).
- [Instituto de Investigación Biomédica da Coruña \(INIBIC\)](#). Está composto por grupos de investigación do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC), a Universidade da Coruña (UDC) e a Área de Atención Primaria da Coruña.

DIRECTO A

Comunidade de investigadores

Áreas de investigación